

CONVOCATORIA PÚBLICA DE CONTRATACIÓN DE PERSONAL PARA COLABORAR EN ACTIVIDADES E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN MEDIANTE CONTRATO DE OBRA OU SERVIZO DETERMINADO

A Universidade de Santiago de Compostela convoca Concurso Público Nº 2/2014 para contratar a persoal que especificamente colabore nas actividades e proxectos de investigación que figuran nos anexos a esta Resolución Reitoral, de acordo coas seguintes bases.

1.-OBJECTO

O obxecto da presente convocatoria é contratar persoal para colaborar nas actividades e proxectos de investigación que figuran nos anexos I e II da presente convocatoria.

O persoal contratado colaborará especificamente na actividade ou proxecto de investigación para o que é contratado.

2.-REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Para seren admitidos os aspirantes, ademais de cumprir os requisitos específicos esixidos na actividade ou proxecto de investigación para a que realicen a súa solicitude e que figuran no anexo I e II desta convocatoria, deberán posuír no día de remate de presentación de solicitudes e mantelos ata a data de sinatura do contrato, os seguintes requisitos de carácter xeral:

- Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, ou dos nacionais dalgún estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.
- Os estranxeiros que non estando incluídos no parágrafos anteriores se atopen con residencia legal en España.
- Ter cumpridos os 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión da titulación válida en España que se indique nos anexos I e II da convocatoria.

- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.

3.-SOLICITUDES

Quen desexe participar neste proceso selectivo deberá solicitalo ao reitor da USC en instancia, segundo o modelo que figura como anexo III desta convocatoria, no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria.

As solicitudes serán presentadas nos Rexistros Xerais da USC, sitos no Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782 Santiago de Compostela, nos Servizos Centrais do Campus de Lugo, Edificio Biblioteca Intercentros, 27002 Lugo, no Rexistro da Oficina de Investigación e Tecnoloxía, edificio Cactus, Campus Vida, 15782, Santiago de Compostela ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

4.-DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes, para seren admitidos ao proceso selectivo, acompañaran necesariamente á súa solicitude a seguinte documentación:

- Fotocopia simple da certificación académica na que consten as cualificacións obtidas nos seus estudos. As certificacións dos estudos realizados no estranxeiro deberán presentarse coas correspondentes traducións oficiais ao español ou galego, que deberá facerse por un tradutor xurado debidamente autorizado en España.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos esixidos no anexo I e II da convocatoria.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa dos méritos alegados.

5.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o reitor da USC ditará resolución, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos.

Os aspirantes excluídos, disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar os defectos que motivaron a súa exclusión.

Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos.

O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse non seu momento.

6.-COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de selección encargada de resolver esta convocatoria estará composta por:

Presidente: Francisco González García Vicerreitor de Investigación e Innovación.

Secretario: Emilio Santos Vigo, Xefe do Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D

Vogais:

Rogelio Conde-Pumpido Tourón, Director da Área de Xestión e Valorización de I+D
Dolores Pérez Meiras, investigadora da USC.

O investigador principal da actividade ou proxecto de investigación propoñente da praza, que figura nos anexos I e II destas bases.

A Comisión de selección constituirase para cada unha das prazas que figuren nos anexos I e II destas bases, formando parte da mesma o investigador proposto da devandita praza.

Os membros da comisión deberán de absterse de intervir, notificándollo ao reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación deste proceso selectivo.

Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran algunha das circunstancias antes citadas.

Logo da convocatoria do presidente, constituirase a comisión, coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros. Na dita sesión, o tribunal acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partir da súa constitución a comisión, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes.

A comisión resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas así como o que se deberá facer nos casos non previstos.

O investigador propoñente á vista das solicitudes presentadas e dos criterios de baremación publicados deberá presentar á comisión de selección, da que forma parte, un informe razoado no que avaliará e priorizará as solicitudes presentadas.

7.-CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS

As características dos contratos son as establecidas, para cada caso concreto, nos anexos I e II desta convocatoria.

8.-NATUREZA DOS CONTRATOS

A contratación non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela.

9.-RESPONSABILIDADES SUBSIDIARIAS

As persoas contratadas deberán manter a confidencialidade da actividade que realicen, así como gardar sigilo de todas as cuestións e asuntos inherentes á mesma e das que sexa coñecedor.

10.-CRITERIOS DE BAREMACIÓN

Os criterios de baremación que se terán en conta serán os que se indican, para cada praza en concreto, nos anexos I e II desta convocatoria.

11.-PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

A comisión de selección tendo en conta os criterios de baremación publicados valorará os méritos alegados polos aspirantes. Soamente poderán ser considerados aqueles méritos obtidos ata a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

Os resultados provisionais publicaranse, establecéndose un prazo de reclamacións de 3 días naturais. Vistas as reclamacións ou transcurrido dito prazo sen que se tivese presentado ningunha, publicaranse os resultados definitivos.

A comisión, para elaborar a proposta de adjudicación ordeará as solicitudes de maior a menor, correspondendo a proposta de adjudicación ao aspirante con maior puntuación. Dita proposta elevarase á Vicerreitoría de Investigación e Innovación, para a súa adjudicación.

A Comisión de selección en caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos dos aspirantes ao perfil obxecto da convocatoria poderá declarar motivadamente a non adjudicación do posto convocado.

12.-NOTIFICACIÓN AOS ASPIRANTES

De acordo co artigo 59.6b) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, as publicacións detalladas nestas bases, así como a información doutros actos que dela se deriven que requiran publicación, a efectos de notificación realizaranse no taboleiro de anuncios da Reitoría, única notificación válida, a efectos do artigo antes mencionado.


Así mesmo serán publicadas no taboleiro de anuncios da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo e no taboleiro de anuncios da Oficina de Investigación e Tecnoloxía .

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación de conformidade cos artigos 46 e 10.1ª.a) da Lei da Xurisdición contencioso-administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.


Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2014

Por delegación do Reitor
(Resolución do 10/08/2011, DOG 18/08/2011)
O Vicerreitor de Investigación e Innovación,



Francisco González García



ANEXO I

PROXECTO

Título da actividade: Física de núcleos exóticos con detectores activos

Referencia da actividade: 2013-PG015

Centro de traballo : Facultade de Física

Investigador Principal: Beatriz Fernández Dominguez

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Estudo das simulacións de alvos activos e as ferramentas de análise de datos

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 1.700,00€

Duración do contrato: 4 meses

Data inicio prevista: 01/04/2014

Data fin prevista: 31/07/2014

Xornada laboral: tempo completo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Física

MÉRITOS: Puntuación sobre 20: Coñecemento de Física Nuclear Experimental (3 puntos), experiencia previa en detectores activos, análise de datos, ferramentas de análise como ROOT, e con paquetes de simulación GEANT4 (8 puntos), Idioma Inglés (2 puntos), Título de doutor en Física Nuclear e de Partículas (2 puntos), entrevista persoal (5 puntos)

PROXECTO

Título da actividade: Grupos de Referencia Competitiva GI1790

Referencia da actividade: 2013-PG071

Centro de traballo : Facultade de Ciencias da Educación

Investigador Principal: Miguel A. Santos Rego

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Exploración dos datos estatísticos do grupo, exploración e supervisión de actividades de transferencia e organización das bases de datos

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 800,00€

Duración do contrato: 3 meses

Data inicio prevista: 01/03/2014

Data fin prevista: 31/05/2014

Xornada laboral: tempo parcial

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Pedagogía, Psicopedagogía, Psicoloxía ou Socioloxía

MÉRITOS: coñecementos acreditados en metodoloxía da investigación en Ciencias Sociais (Educación, Psicoloxía , etc) (1 punto), coñecemento especializado en análise multivariado e modelos causais (1 punto), manexo de paquetes estatísticos e bases de datos (1 punto), entrevista persoal aos candidatos que acaden as tres mellores puntuacións (2 puntos)

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación (GPC)GI-1488. Grupo de Nanomateriais e materia Branda (GNMB)

Referencia da actividade: 2013-PG049

Centro de traballo : Facultade de Física

Investigador Principal: Luis Javier Gallego del Hoyo

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Medicións experimentais de propiedades físicoquímicas de líquidos iónicos. Simulación por computadora de mesturas de líquidos iónicos (gromacs, gaussian)

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 560,00€

Duración do contrato: 12 meses

Data inicio prevista: 01/04/2014

Data fin prevista: 31/03/2015

Xornada laboral: tempo parcial

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Física ou Química

MÉRITOS: expediente académico (20 puntos), tese de doutoramento, másteres (5 puntos), experiencia laboral previa en manexo das técnicas experimentais e/ou computacionais (25 puntos), entrevista persoal (50 puntos)

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación (GPC), GI-2132 Química Supramolecular e nanotubos peptídicos QSNTP

Referencia da actividade: 2013-PG047

Centro de traballo : CIQUS

Investigador Principal: Juan R. Granja Guillán

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Simulacións de dinámica molecular de nanotubos peptídicos

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 1400,00 €

Duración do contrato: 6 meses

Data inicio prevista: 01/07/2014

Data fin prevista: 31/12/2014

Xornada laboral: tempo completo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Química

MÉRITOS: Doutor en Química (30%), publicacións relacionadas coa área de traballo a realizar (30%), estancias posdoutorais sobre simulacións de dinámica molecular (20%), entrevista persoal en caso de ser necesaria (20%)

PROXECTO

Título da actividade: Consolidacion e estruturacion (GPC), GI-2136 .Grupo de Investigación en Alxebra e Xeometría
Referencia da actividade: 2013-PG074
Centro de traballo : Facultade de Matemáticas
Investigador Principal: Eduardo García Río

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Contrucción de novos exemplos de subvariedades isoparamétricas e con curvaturas principais constantes. Clasificación das mesmas

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 1141,00 €
Duración do contrato: 10 meses
Data inicio prevista: 01/03/2014
Data fin prevista: 31/12/2014
Xornada laboral: tempo completo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Matemáticas

MÉRITOS: expediente académico (40 puntos), coñecementos de xeometría de Riemann (15 puntos), coñecementos básicos de programación(10 puntos), entrevista persoal (35 puntos)

PROXECTO

Título da actividade: Consolidacion e estruturación (GPC), GI-1637.Visión Artificial
Referencia da actividade: 2013-PG048
Centro de traballo : CITIUS
Investigador Principal: Diego Cabello Ferrer

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Deseño de algoritmos de visión artificial para o recoñecemento visual de interiores en robótica e aplicacións de videovixilancia. Implementación eficiente dos algoritmos, validación dos algoritmos desenrolados

CONDICIÓN DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 1200,00 €
Duración do contrato: 10 meses
Data inicio prevista: 01/03/2014
Data fin prevista: 31/12/2014
Xornada laboral: tempo completo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Física, Enxeñeiro/Grao en Enxeñería Informática, Enxeñeiro en Electrónica, Telecomunicacións ou Industrial

MÉRITOS: expediente académico (50%), publicacións, participación en proxectos, experiencia no deseño de algoritmos para visión artificial (20%), entrevista persoal (30%)

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación (GRC), 2013-018G.I. Pedagogía Social e Educación Ambiental

Referencia da actividade: 2013-PG084

Centro de traballo : Facultade de Ciencias da Educación

Investigador Principal: José Antonio Caride Gómez

Número de prazas: DÚAS

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Aplicar, transcribir e codificar entrevistas e cuestionarios en centros educativos. Elaborar bases de datos con recursos bibliográficos e de boas prácticas educativo-sociais. Colaborar no mantemento e actualización da Web do grupo

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 500,00 €

Duración do contrato: 4, 5 meses (prorrogables)

Data inicio prevista: 15/03/2014

Data fin prevista: 31/07/2014

Xornada laboral: tempo parcial

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Educación Social, Pedagogía, Psicopedagogía, Mestre en Educación Infantil, Mestre en Educación Primaria

MÉRITOS: Ter cursado ou estar cursando o Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario (25%), expediente académico (30%), entrevista persoal (25%), formación e/ou experiencia acreditada en liñas de investigación vinculadas a Pedagogía Social a Educación Ambiental e iniciativas socio-culturais (15 %), coñecementos en idiomas, aplicacións informáticas e programa de tratamento de información cuantitativa e/ou cualitativa (5%)

PROXECTO

Título da actividade: Mecanismos neurais da interacción entre atención, memoria e motivación (Grupos emerxentes)

Referencia da actividade: 2012-PG147

Centro de traballo : Facultade de Psicoloxía

Investigador Principal: Sonia Doallo Pesado

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Análise de potenciais evocados, entrenamento nos experimentos condutuais, análise de datos condutuais

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 1142,00 €

Duración do contrato: 3 meses

Data inicio prevista: 01/04/2014

Data fin prevista: 30/06/2014

Xornada laboral: tempo completo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Psicoloxía, Grao/Licenciatura/Diplomatura no ámbito das Ciencias da Saúde

MÉRITOS: Estudos oficiais de postgrao no ámbito das Neurociencias. Valorarase especialmente ter presentado un traballo de fin de máster (TFM), Diploma de Estudos Avanzados (DEA) ou similar empregando a técnica de Potencias Evocados (40%), Experiencia profesional acreditada en investigación. Valorarase especialmente a experiencia en relación coa temática do proxecto (ver título do proxecto) e na realización de experimentos condutuais e de potenciais evocados (30%), entrevista persoal (30%)

ANEXO II

PROXECTO

Título da actividade: Predictores tempranos del abuso de alcohol y otras drogas: Estudio longitudinal y seguimiento de un programa de prevención indicada

Referencia da actividade: 2012-PN253

Centro de traballo : Facultade de Psicoloxía

Investigador Principal: Estrella Romero Triñanes

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Traballo de campo en proxecto sobre desenvolvemento de nenos e adolescentes, con desprazamentos en vehículo propio a distintas localidades de Galicia para aplicación de cuestionarios e realización de entrevistas

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 700,00 €

Duración do contrato: 4 meses

Data inicio prevista: 10/03/2014

Data fin prevista: 09/07/2014

Xornada laboral: tempo parcial

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao Psicoloxía

MÉRITOS: experiencia previa en proxectos de investigación en psicoloxía (3 puntos), expediente académico(2 puntos), competencia en manexo de bases de datos ACCESS e SPSS (2 puntos), entrevista persoal aos 3 candidatos con maior puntuación nos aspectos anteriores (3 puntos)

PROXECTO

Título da actividade: Predictores tempranos del abuso de alcohol y otras drogas: Estudio longitudinal y seguimiento de un programa de prevención indicada

Referencia da actividade: 2012-PN253

Centro de traballo : Facultade de Psicoloxía

Investigador Principal: Estrella Romero Triñanes

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Apoio ao traballo de campo en proxecto sobre desenvolvemento de nenos e adolescentes, con desprazamentos en vehículo propio a distintas localidades de Galicia para aplicación de cuestionarios e realización de entrevistas

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 700,00 €

Duración do contrato: 2 meses

Data inicio prevista: 22/04/2014

Data fin prevista: 21/06/2014

Xornada laboral: tempo parcial

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao Psicoloxía

MÉRITOS: experiencia previa en proxectos de investigación en psicoloxía (3 puntos), expediente académico(2 puntos), competencia en manexo de SPSS (2 puntos), entrevista persoal aos 3 candidatos con maior puntuación nos aspectos anteriores (3 puntos)

PROXECTO

Título da actividade: Efficient management of energy networks (LIFE –OPERE)

Referencia da actividade: 2013-PI012

Centro de traballo : I.I.T.

Investigador Principal: Juan Enrique Arias Rodríguez

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Traballos de seguimento e avaliación do impacto socioeconómico , ambiental do proxecto definidos nas Accións C1(Monitoring of the socio-economic impact of the project), C2(Monitoring of the environmental impact of the project), ademais dos traballos de actualización de contidos definidos na acción D1(Project website)

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 638,83 €

Duración do contrato: 12 meses

Data inicio prevista: 01/03/2014

Data fin prevista: 28/02/2015

Xornada laboral: tempo parcial

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Enxeñaría Química, Enxeñaría Telecomunicación, Enxeñaría Industrial, Enxeñaría Informática, Licenciado/Graduado Física, Licenciado/Graduado Matemáticas, Licenciado/Graduado Química, Licenciado/Graduado Ciencias Políticas e da Administración, Licenciado/Graduado Administración de Empresas, Licenciado/Graduado Económicas

MÉRITOS: Expediente Académico 30 puntos

2) Idiomas 20 puntos

3) Coñecementos de informática e aplicacións móbiles 10 puntos

3) Coñecementos monitorización medioambiental 25 puntos

6) Entrevista 15 puntos

Faráse unha primeira valoración dos méritos dos candidatos, puntuaranse e logo entrevistaranse os catro primeiros en puntuación. Deixarase lista de agarda

PROXECTO

Título da actividade: Efficient management of energy networks (LIFE –OPERE)
Referencia da actividade: 2013-PI012
Centro de traballo : I.I.T.
Investigador Principal: Juan Enrique Arias Rodríguez

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Traballos de coordinación e xestión definidos na accións E1 (Project Management), E2 (Project Monitoring and evaluation), E4 (Networking with other projects), E5 (Dissemination Plan after the project)

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 1277,84 €
Duración do contrato: 12 meses
Data inicio prevista: 01/03/2014
Data fin prevista: 28/02/2015
Xornada laboral: tempo completo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Enxeñaría Química, Enxeñaría Telecomunicación, Enxeñaría Industrial, Enxeñaría Informática, Licenciado/Graduado Física, Licenciado/Graduado Matemáticas, Licenciado/Graduado Química, Licenciado/Graduado Ciencias Políticas e da Administración, Licenciado/Graduado Administración de Empresas, Licenciado/Graduado Económicas

MÉRITOS: Expediente Académico (20 puntos), Idiomas (15 puntos), Experiencia xestión de proxectos demostrativos e de investigación nacionais e europeos (40 puntos), Entrevista (25 puntos)
Faráse unha primeira valoración dos méritos dos candidatos, puntuaranse e logo entrevistaranse os catro primeiros en puntuación.
Deixarase lista de agarda

PROXECTO

Título da actividade: Efficient management of energy networks (LIFE –OPERE)
Referencia da actividade: 2013-PI012
Centro de traballo : I.I.T.
Investigador Principal: Juan Enrique Arias Rodríguez

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Traballos de análise, diseño e desenvolvemento de elementos de arquitectura de sistema de monitorización e control da Acción B.2 (Data analysis and results) y Acció B.3 (System optimization)

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 1.277,84 €
Duración do contrato: 12 meses
Data inicio prevista: 01/03/2014
Data fin prevista: 28/02/2015
Xornada laboral: tempo completo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Enxeñaría Química, Enxeñaría Telecomunicación, Enxeñaría Industrial, Enxeñaría Informática, Licenciado/Graduado Física, Licenciado/Graduado Matemáticas

MÉRITOS: 1)Expediente Académico 10 puntos
2) Idiomas 10 puntos
3) Coñecementos eficiencia enerxética, sistemas de control, minería de datos 40 puntos
3) Experiencia en desarrollo de aplicaciones en proxectos informáticos 25 puntos
6) Entrevista 15 puntos

Faráse unha primeira valoración dos méritos dos candidatos, puntuaranse e logo entrevistarse os catro primeiros en puntuación.
Deixarase lista de agarda

PROXECTO

Título da actividade: Desenvolvemento de actividades de xenotipado de SNPs e actividades complementarias o xenotipado nas plataformas do Centro Nacional de Genotipado-Instituto de Salud Carlos III (CeGen-ISCI) da Plataforma de Recursos Biomoleculares e Bioinformáticos

Referencia da actividade: 2013-PN039

Centro de traballo : CIMUS

Investigador Principal: Angel Carracedo Alvarez

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Realización de actividades de xenotipado de SNPs, realización de actividades complementarias ó xenotipado (extracción, purificación, cuantificación, normalización e integridade do ADN, creación e mantemento de bancos de mostras de ADN

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 1170,00 €

Duración do contrato: 10 meses

Data inicio prevista: 01/03/2014

Data fin prevista: 31/12/2014

Xornada laboral: tempo completo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao Bioloxía

MÉRITOS: experiencia previa en tecnoloxía de xenotipado de alta capacidade Affymetrix e Sequenom, técnicas de extracción automática e manual de ADN a partir de diferentes tipos de mostras e creación e mantemento de bancos de mostras de ADN (50 puntos), coñecementos de inglés técnico (10 puntos), entrevista persoal (40 puntos)

PROXECTO

Título da actividade: Plataforma I+D para la producción de radiotrazadores para imagen médica PET mediante aceleración láser
Referencia da actividade: 2013-AD009
Centro de traballo : Facultade de Física
Investigador Principal: José Benlliure Anaya

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Contribuir ao deseño e construción de blancos de aceleración de protones e deuterio con un láser de alta potencia que incluan sistemas de focalización e posicionamento

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 1.200,00€
Duración do contrato: 22 meses
Data inicio prevista: 01/03/2014
Data fin prevista: 31/12/2015
Xornada laboral: tempo completo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao Física

MÉRITOS: expediente académico (mínimo 6,5) (20%), outras titulacións en ciencias experimentais ou enxeñería (20%), máster no ámbito do láser (10%), experiencia profesional en empresas (10%), entrevista persoal (40%)

PROXECTO

Título da actividade: Plataforma I+D para la producción de radiotrazadores para imagen médica PET mediante aceleración láser

Referencia da actividade: 2013-AD009

Centro de traballo : Facultade de Física

Investigador Principal: José Benlliure Anaya

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: contribuir ao deseño e construción de blancos e sensores de produción de radioisótopos para imaxen médica PET baseado na acreditación de protones e deutério con un laser de alta potencia

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 1.200,00€

Duración do contrato: 22 meses

Data inicio prevista: 01/03/2014

Data fin prevista: 31/12/2015

Xornada laboral: tempo completo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao Física

- **MÉRITOS:** Producción científica en el ámbito de la física médica: publicaciones, contribuciones a congresos, participación en proyectos de investigación (30%)
- Experiencia en el desarrollo de sistemas de imagen molecular y en el desarrollo de aplicaciones de imagen médica con radioisótopos PET (30 %)Entrevista personal (40%)

PROXECTO

Título da actividade: Plataforma I+D para la producción de radiotrazadores para imagen médica PET mediante aceleración láser
Referencia da actividade: 2013-AD009
Centro de traballo : Facultade de Física
Investigador Principal: José Benlliure Anaya

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Construir blancos de aceleración de protones e deuterones por láser e realizar experimentos con eles

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 2.400,00€
Duración do contrato: 22 meses
Data inicio prevista: 01/03/2014
Data fin prevista: 31/12/2015
Xornada laboral: tempo completo

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao Física

- **MÉRITOS:** Experiencia investigadora no ámbito da óptica e a aceleración de partículas con láser: publicacións, contribucións a congresos, participación en proxectos de investigación, dirección de teses doutorais (50%)
- Título de doutor (20%), Entrevista personal (30%)

PROXECTO

Título da actividade: Prostitución y medios de comunicación: construcción de la realidad y recepción de los contenidos mediáticos

Referencia da actividade: 2012-PN247

Centro de traballo : Facultade de Ciencias da Comunicación

Investigador Principal: Luis Alvarez Pousa

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Deseño dunha web para o grupo de investigación ao que pertence o IP para a proxección e divulgación de resultados. Realización das entrevistas proxectadas no plan de traballo do proxecto de investigación en marcha. Organización do congreso que sobre os contidos do proxecto de investigación está previsto como colofón do plan de divulgación de resultados.

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual : 285,00€

Duración do contrato: 22 meses

Data inicio prevista: 01/03/2014

Data fin prevista: 31/12/2015

Xornada laboral: tempo parcial

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Xornalismo

MÉRITOS: Experiencia na aplicación de técnicas de investigación en Comunicación (3 puntos).
2.Publicacións relacionadas coa violencia de xénero e coa prostitución nos medios (4 puntos).
3. Entrevista (aos tres mellores clasificados) (3 puntos)

ANEXO III

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA PÚBLICA 2/2014 DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA COLABORAR EN ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN MEDIANTE CONTRATO DE OBRA OU SERVIZO DETERMINADO

Datos persoais

Nome	Apelidos	NIF
------	----------	-----

Domicilio a efectos de notificación

Rúa, número, planta, porta:	C.P.:
Municipio, provincia:	Teléfono:
e-mail a efectos notificación:	

Datos da actividade de investigación para a que presenta a solicitude

Título da actividade:	
Referencia Praza :	Investigador Principal:
Centro:	
Tese de Doutoramento: indicar se está matriculado na Tese de Doutoramento	
<u>DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR: FOTOCOPIA DA CERTIFICACIÓN ACADÉMICA PERSOAL , NAS PRAZAS NAS QUE SE VALORE O EXPEDIENTE DEBERÁ REFLECTIR A NOTA MEDIA, FOTOCOPIA DO TÍTULO, E FOTOCOPIA DOS MÉRITOS ALEGADOS</u>	

EXPÓN

--

SOLICITA

--

_____, a _____ de _____ de _____

Sinatura,

SR. REITOR DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA